

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 13 de maio de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o mércores 13 de maio de 2015, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (23/04 de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Elección de PDI para formar parte da Comisión de Avaliación das Axudas a grupos de investigación do campus de Ourense (INOUE 2015)**
- 4. Aprobación, se procede, de modificacións nas comisións do centro**
- 5. Aprobación, se procede, de modificacións nos tribunais do TFG**
- 6. Rogos e preguntas**

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Roi Sánchez (viaxe de traballo), M. Dolores Domínguez (obrigas laborais) e Yolanda Barriocanal (obrigas docentes).
- Lembra con fondo pesar que esta é a primeira xunta de facultade dende o pasamento da profesora Mercedes Durany Castrillo. Está previsto renderlle unha homenaxe pero é preciso que pase un tempo axeitado.
- A Vicerreitoría de Economía e Planificación concedeulle ao centro 6.000€ para que se poidan desenvolver accións específicas de difusión e promoción do Grao en Xeografía e Historia. Contratouse a unha empresa de publicidade que

está a traballar no deseño de cartelaría, folletos, banners, etc., para facer unha difusión por toda Galicia.

O bolseiro de calidade fará un listado cos posibles lugares de difusión pero se solicita axuda tanto á delegación de alumnos como a calquera persoa da comunidade do centro para contribuír a elaboración deste listado.

Para a difusión se pensa contar coa colaboración de antigos alumnos que poidan facer a distribución nas catro provincias. Estas persoas poderán facturar como autónomos para esta actividade puntual.

- O responsable de asuntos económicos nos comunicou que xa ingresaron a asignación para equipamento de laboratorios docentes. A cantidade se repartirá entre os laboratorios de Xeografía; Historia Moderna, Contemporánea e de América; Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas.
- Co gallo do 25 aniversario da Universidade de Vigo se está a realizar unha publicación e a creación dunha cápsula do tempo que albergará a memoria histórica da Universidade de Vigo, polo que se require a participación de toda a comunidade do centro para achegar o que consideren.
- Lembra a decana que a pasada semana se leu en Santiago o Manifesto de Humanidades no que se reflicte a unidade dos responsables das humanidades en Galicia. Os/as decanos/as de Humanidades decidiron manter reunións periódicas.
- Informa de que xa está en marcha o curso organizado polo profesor Ladislao Castro “Galaicos: a auga e o alén” e a profesora Fátima Braña. Se desenvolverá en Xinzo de Limia dende o 30 de xuño ata o 3 de xullo.
- Lembra que o 31 de maio remata o prazo para realizar a enquisa de satisfacción. Requírese un último esforzo ás persoas que non a fixeron para que entren na secretaría virtual e a cubran.

3. Elección de PDI para formar parte da Comisión de Avaliación das Axudas a grupos de investigación do campus de Ourense (INOUE 2015)

Ofrécese voluntario para participar na comisión de avaliación o profesor Fermín Pérez Losada.

4. Aprobación, se procede, de modificacións nas comisións do centro

Debido ao pasamento da profesora Mercedes Durany se procede á súa substitución en diferentes comisións. Na Comisión Permanente será substituída pola profesora Beatriz Comendador e na Comisión de Compensación polo profesor Ladislao Castro.

5. Aprobación, se procede, de modificacións nos tribunais do TFG

Se modifica a composición dos seguintes tribunais:

T1-PREHISTORIA: Fco. Javier Pérez Rodríguez substituirá a Mercedes Durany Castrillo

T3-Hª MEDIEVAL E CIENCIAS E TÉCNICAS HISTORIOGRÁFICAS: Susana Reboreda Morillo substituirá a Mercedes Durany Castrillo

T4-HISTORIA MODERNA: Fco. Javier Pérez Rodríguez substituirá a María Seijas

T6-HISTORIA DE AMÉRICA: Beatriz Vaquero Díaz substituirá a María Seijas Montero

T7-ARTE: Ladislao Castro Pérez substituirá a Mercedes Durany Castrillo

T9-LATIN: Jesús de Juana López substituirá a Mercedes Durany Castrillo

6. Aprobación, se procede, da realización dun curso complementario

Os membros da Xunta de Facultade por unanimidade, acordan incluír como punto da orde do día a aprobación do curso complementario “Aplicacións das Redes Sociais na Educación Superior” organizado polo decanato da facultade e que conta cunha subvención do Consello Social. Este curso está dirixido preferentemente, ao profesorado e ao alumnado da Facultade de Historia.

Apróbase por asentimento.

7. Rogos e preguntas

O profesor Julio Prada fai un rogo para que se aclare a situación, debido á baixa por enfermidade do profesor Alberto Valín, con respecto aos seus exames, aos seus titorandos e aos tribunais do TFG aos que pertence.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.50 horas, e de todo dou fé como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

13/05/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL
COELLO FDEZ, M^a ANGELES
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
GÓMEZ MANSO, BELÉN
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
MORENZA ARIAS, DAVID
MORODO DEL RÍO, JOSE
PÉREZ LOSADA, FERMÍN
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBOREDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
SIXIREI PAREDES, CARLOS
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	
	NO
SI	
	NO
SI	
	NO
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
	SI
SI	
	SI
SI	